

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a elaboración da política preventiva levarase a cabo:

- A) Coa participación dos empresarios a través das súas organizacións empresariais
- B) Coa participación dos traballadores
- C) Coa participación dos empresarios e dos traballadores a través das súas organizacións empresariais e sindicais máis representativas
- D) Ningunha opción é correcta

2. De acordo coa Lei 15/1999, os datos de carácter persoal que fagan referencia á orixe racial, á saúde e á vida sexual só poderán ser recabados, tratados e cedidos:

- A) Cando por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado consinta expresamente
- B) Cando así o dispoña unha lei
- C) Cando por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei
- D) Unicamente cando o afectado consinta expresamente e por escrito

3. Os poderes da Comunidade Autónoma de Galicia emanan:

- A) Da Constitución
- B) Das leis autonómicas
- C) Da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do pobo
- D) Do Estatuto de Autonomía

4. O artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade establece que asinar o documento de alta voluntaria nos casos de non aceptación do tratamento é:

- A) Unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario
- B) Un dereito dos cidadáns
- C) Un dereito dos cidadáns nos casos de enfermidades menos graves
- D) Todas as opcións son falsas

5. O incumprimento inxustificable da xornada de traballo que, acumulado, supoña máis de 20 horas ao mes, está tipificado no Estatuto marco como unha falta:

- A) Leve
- B) Grave
- C) Moi grave
- D) Non está tipificado como falta

6. O réxime xeral de situacións do persoal estatutario fixo comprende:

- A) O servizo activo
- B) A excedencia voluntaria
- C) A suspensión de funcións
- D) Todas as opcións son correctas

7. O artigo 20 da Constitución Española establece que o dereito á cláusula de conciencia e ao segredo profesional regularase:

- A) Por decreto
- B) Por lei
- C) Polo goberno
- D) Polas comunidades autónomas

8. A lei de protección de datos de carácter persoal 15/1999, de 13 de decembro, é unha lei:

- A) Ordinaria
- B) Orgánica
- C) Marco
- D) Ningunha opción é correcta

9. Sinale a opción correcta de acordo co Estatuto marco:

- A) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de concurso-oposición
- B) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de oposición
- C) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de concurso
- D) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase sempre a través do sistema de concurso-oposición

10. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, é un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades de saúde da poboación
- B) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes
- C) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario
- D) Todas as opcións son correctas

Preguntas de reserva

1. De acordo co artigo 18.4 da Constitución Española, a lei limitará o uso da informática para garantir:

- A) a honra dos cidadáns
- B) a intimidade persoal e familiar dos cidadáns
- C) o pleno exercicio dos dereitos dos cidadáns
- D) Todas as opcións son correctas

2. A Lei Xeral de Sanidade establece que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Unicamente os cidadáns españois
- B) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros maiores de 12 anos
- D) Todas as opcións son falsas